



ROTEIRO



FEST GALICIA @ moito máis que música

QUE É?

FEST GALICIA é a marca creada pola Xunta de Galicia para promocionar o territorio galego como destino musical baixo criterios de calidade, sustentabilidade e responsabilidade social. A marca acolle festivais que funcionan de xeito profesional e que se preocupan por chegar valores engadidos á experiencia musical. É faino a través de todo o que transmiten, tanto na súa oferta de actividades como na súa xestión e organización.

Somos terra de música, de xentes que acollen, de paisaxes que reconfortan, dunha gastronomía da que non se pode falar porque hai que probala, de historias e lendas que continúan vivas. E con todos estes ingredientes, facemos festivais diferentes en lugares insospeitados. Porque se de algo podemos presumir é de vivir nun territorio que aínda segue sendo virxe e descoñecido, ás veces mesmo para as galegas e os galegos.

OUTRA FORMA DE FACER FESTIVAIS
Ven e vive a experiencia!



XUNTA DE GALICIA



OBXECTIVOS

CREAR valor engadido nos festivais galegos.

PROXECTAR Galicia como destino musical.

PROMOCIONAR os festivais galegos dentro e fóra da Comunidade.

POÑER EN VALOR as industrias culturais e creativas.

VERTEBRAR o territorio desde a sustentabilidade social e medioambiental.

VISIBILIZAR boas prácticas que sirvan como referencia para o sector.

CONFLUÍR coas políticas e estratexias estatais no ámbito do turismo de festivais.

PROMOVER a marca como proxecto transversal de país coa participación de todos os departamentos implicados: turismo, xuventude, igualdade, medio ambiente, calidade...

CONSTRUÍR a marca en diálogo permanente co sector.

ESTRATEGIA

Os festivais galegos foron consolidándose e singularizándose, e hoxe están preparados para constituírse como un elemento diferencial da oferta turística e cultural de Galicia. Son diversos, teñen calidade, son creativos, proxectan unha imaxe de modernidade, son integradores e impulsan o crecemento económico do país de forma equilibrada.

FEST GALICIA pon en marcha **ESTUDOS DE IMPACTO** económico, social e mediático para obter datos sobre o retorno directo, indirecto e inducido que estes eventos xeran en cada territorio. Estas medicións serán o punto de partida para traballar sobre medidas que redunden nos valores de sustentabilidade social e medioambiental que a marca promove a través dun **MANUAL DE BOAS PRÁCTICAS** que servirá de guía para todos os festivais que se celebren en Galicia, e dun **SELO** que certificará os que cumpran os criterios de calidade establecidos.

FESTIVAIS ADHERIDOS

5-7 XUL	PORTAMÉRICA	CALDAS DE REIS
11-14 XUL	RESURRECTION FEST	VIVEIRO
20-22 XUL	ATLANTIC FEST	A ILLA DE AROUSA
20-21 XUL	VIVE NIGRÁN	NIGRÁN
26-29 XUL	SINSAL	ILLA DE SAN SIMÓN (REDONDELA)
27-29 XUL / 3-5 AGO	FESTIVAL RIBEIRA SACRA	MONFORTE DE LEMOS
2-4 AGO	SONRÍAS BAIXAS	BUEU
17-19 AGO	REVENIDAS	VILAXOÁN (VILAGARCÍA DE AROUSA)
7-9 SET	FESTIVAL DE LA LUZ	BOIMORTO
12-16 SET	WOS FESTIVAL	SANTIAGO DE COMPOSTELA



www.festgalicia.gal

Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic)
Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás s/n / 15707 Santiago de Compostela
Teléfono: 881 99 60 77 / 881 99 60 78 / Fax: 881 99 60 80
agadic@xunta.gal / www.agadic.gal



XUNTA
DE GALICIA

galicia
o bo camiño